

- Curso sobre deseño de páx. Web e ferramentas informáticas en xeral.
- Xornadas de performance.
- Talleres e ciclos sobre arte sonoro.
- Prácticas de campo

4. METODOLOXÍA

A finalidade do PAT é servir de ferramenta a estudantes, docentes e dirección da titulación para a valoración e integración do estudantado na vida académica posibilitando da mellor maneira posible a consecución dos seus obxectivos e intereses durante o seu transcurso pola titulación.

Hai momentos puntuais, como son o ingreso e os meses previos á finalización dos estudos, onde as accións do PAT son de vital importancia para alcanzar os obxectivos marcados na memoria dos títulos de Master na facultade de Belas Artes. Este Plan de Acción Titorial pretende incidir especialmente sobre eles sen esquecer outras accións de carácter máis transversal e non por iso menos importantes.

Existe un tipo de actividades que forman parte permanente da programación dos cursos, como poida ser a titorización do TFM, e outras que se deseñan en función das actividades transversais de cada ano académico, podendo incidir máis en aspectos puntuais e específicos cada curso académico.

Para a correcta aplicación e desenvolvemento do PAT é imprescindible o traballo coordinado entre as figuras do coordinador/ra da titulación, el/la coordinador/ra do PAT, de tal maneira que a información ha de fluír tanto para o deseño e implantación como para o seu desenvolvemento e valoración.

A metodoloxía ha de ir encamiñada a procurar:

- Dende o Informativo, o coñecemento da estrutura do plano de estudos, o centro, e la universidade.
- Dende o Formativo, a integración nos procesos de formación, estimulando e motivando para desenvolvemento do traballo autónomo; así como para orientar na obtención da información e en espertar un sentido crítico e de curiosidade polos coñecementos específicos da titulación.
- Dende o Académico, o normal desenvolvemento curricular dos estudantes, orientando nas decisións que formulen dúbidas e adaptando os intereses persoais aos requirimentos académicos.
- Dende o Persoal, facilitando a autonomía na toma de decisións á vez que se procura a integración no grupo social. De igual modo pretendese axudar, acompañar e resolver calquera problema persoal que incida na consecución dos estudos, procurando unha toma de decisións realista.

4.1. Temporalización

4.1.1. Cronograma titores.

A planificación das reunións a realizar entre os diferentes responsables é a seguinte

REUNIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. Rede de titores, coordinadores e dirección do centro										
	Xuño	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abril	Maio
1 a	Titores do TFM e Coordinador Avaliación			Titores e estudantes			Titores do TFM e Coordinador /Titor			
2 a			Titores e estudantes				Titores e estudante			
3 a	Dirección Coordinador/a-Titores									
4 a						Coordinador/a. Titores. Avaliación				

5.- EVALUACIÓN DO PAT

Como unha actividade máis dentro do desenvolvemento das actividades que conforman os Master na facultade de Belas Artes, o PAT é unha acción sometida a valoración e axuste permanente co fin de lograr unha resposta adecuada ás necesidades presentadas polos estudantes.

A avaliación vai encamiñada a obter unha valoración dos seguintes aspectos:

- Estrutura, planificación e temporalización do PAT.
- Valoración dos titores por parte dos estudantes.
- Valoración dos titores con respecto ao deseño e planificación do PAT e o seu axuste ás necesidades dos estudantes.
- Autoavaliación onde intervirán os axentes implicados no deseño, planificación, desenvolvemento e coordinación.
- Indicadores de impacto das actuacións (número de actuacións, seguimento, asistencia, demanda de los estudantes, preguntas,...)